



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

INFORME FINAL do Foro Territorio Rural Resiliente 2026

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA



Contido

1.	Obxecto e finalidade do documento.....	4
2.	O punto de partida: Retos da situación actual	5
1.	Un rural diverso que require políticas diferenciadas	5
2.	Declive demográfico, avellentamento e dispersión territorial	6
3.	Desagrarización, abandono e perda de funcionalidade do solo	6
4.	Fragmentación da propiedade e dificultade para mobilizar terras	7
5.	Incendios forestais como síntoma dunha vulnerabilidade estrutural.....	7
6.	Mobilidade, servizos e habitabilidade.....	7
7.	Debilidade do capital social e da gobernanza territorial.....	8
8.	Conflitos de uso e necesidade dunha ordenación funcional do solo	8
9.	Falta de coordinación entre instrumentos e necesidade dunha visión compartida.....	9
3.	Metodoloxía de traballo do Foro	9
1.	Preparación do proceso e definición do marco de traballo	9
2.	Elaboración do documento de partida e cuestionario previo	10
3.	Contraste e afinado do punto de partida	10
4.	Primeira dinámica participativa	10
5.	Recompilación, agrupación e clasificación de información	11
6.	Síntese de liñas estratéxicas e formulación inicial de medidas operativas.....	11
7.	Segunda dinámica participativa	12
8.	Análise complementaria e revisión crítica	13
9.	Síntese final: proposta de bases para unha Alianza	13
10.	Algúns datos de participación	13
4.	A visión: como imaxinamos o rural do futuro?	16
5.	Da visión á acción: liñas estratéxicas e medidas para activar o rural galego.....	16



LIÑA ESTRATÉXICA 1. ORDENACIÓN DOS USOS AGROFORESTAIIS E PLANIFICACIÓN INTEGRADA DO TERRITORIO RURAL.....	16
LIÑA ESTRATÉXICA 2. MOBILIZACIÓN, RECUPERACIÓN E XESTIÓN ACTIVA DA TERRA AGRARIA	19
LIÑA ESTRATÉXICA 3. GOBERNANZA TERRITORIAL E PARTICIPACIÓN PÚBLICA CON INCIDENCIA REAL	23
LIÑA ESTRATÉXICA 4. MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL ESTABLE, COORDINADO, TRANSPARENTE	25
LIÑA ESTRATÉXICA 5. REMUDA E EMPRENDEMENTO AGRARIO: RECURSOS CLAVE, VIABILIDADE PRODUTIVA E CALIDADE DE VIDA.	27
LIÑA ESTRATÉXICA 6. SENSIBILIZACIÓN E RECOÑECIMIENTO SOCIAL DO RURAL	31
6. Síntese final e próximos pasos	34



1. Obxecto e finalidade do documento

O presente documento ten como finalidade recoller os resultados do proceso para o desenvolvemento do Foro Territorio Rural Resiliente, dos que se deriva a Proposta de bases da *Alianza para un Territorio Rural Resiliente*, establecida de xeito participativo e colaborativo no marco das mesas de traballo do Foro Territorio Rural Resiliente.

O **Foro Territorio Rural Resiliente** nace da necesidade de abordar esta transformación desde unha perspectiva estratéxica e integradora, co propósito de **xerar orientacións e propostas** en diversos ámbitos para mellorar a resiliencia do territorio rural, con especial atención á vulnerabilidade fronte aos incendios forestais e ás dinámicas que os alimentan (abandono, continuidade de biomasa, interface urbano-forestal e limitacións de gobernanza). Os seus obxectivos específicos céntranse en:

- Reunir unha masa de axentes para tratar de avanzar cara a un territorio máis resiliente.
- Establecer unha diagnose compartida da problemática territorial que da orixe á vulnerabilidade fronte aos grandes lumes.
- Reflexionar sobre o estado actual dos instrumentos de ordenación territorial e xestión de Terras.
- Identificar e consensuar liñas de traballo prioritarias para recuperar a xestión activa do espazo rural, en particular con usos agrogandeiros.
- Mellorar a coordinación público -privada e institucional no deseño e execución de políticas públicas.
- Visibilizar e poñer en valor experiencias de éxito na recuperación da xestión do espazo rural.

Durante os meses de marzo, abril e maio de 2026 desenvóléronse unhas mesas de traballo preparatorias que tiveron como obxectivo fomentar a reflexión colectiva, aumentar o impacto a medio prazo e pre-consensuar nunha masa crítica as conclusións, futuras liñas de traballo e accións concretas que emanan do Foro. As achegas das mesas de traballo constitúen a base da Alianza que se presenta neste documento.

As mesas de traballo estiveron centradas nos seguintes temas relevantes para a resiliencia e a ordenación e xestión activa do territorio rural:

1. **Visión estratéxica do territorio rural.**
2. **A ordenación de usos e instrumentos de planificación no rural.**
3. **Mobilización e xestión activa do espazo agroforestal.**
4. **Persoas, poboación e actividades no rural.**



5. Gobernanza e cooperación público-privada para a ordenación territorial.

6. Comunicación e concienciación social.

Cada unha das entidades impulsoras e colaboradoras do Foro encargouse de coordinar e levar a cabo o desenvolvemento dunha ou dúas mesas de traballo, co seguinte reparto:

- Fundación Juana de Vega: mesa 1
- Laboratorio do Territorio - USC: mesas 2 e 3
- Fundación Roberto Rivas: mesa 4
- Fundación RIA: mesa 5
- Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia: mesa 6

2. O punto de partida: Retos da situación actual¹

O punto de partida do Foro Territorio Rural Resiliente é a constatación de que o rural galego atravesa unha transformación estrutural de longo percorrido, que non pode interpretarse como unha suma de problemas illados nin abordarse mediante medidas sectoriais desconectadas. O despoboamento, o avellentamento, o abandono agrario, a expansión forestal, a fragmentación da propiedade, a perda de funcionalidade do solo, os incendios forestais, a dificultade de acceso a servizos e a debilidade da gobernanza territorial forman parte dun mesmo proceso de cambio que afecta á capacidade do territorio para cumprir funcións produtivas, ambientais, sociais e de seguridade colectiva. O propio documento de partida sitúa a resiliencia como a capacidade do sistema territorial para adaptarse, reorganizar funcións e reducir vulnerabilidades nun contexto de cambio demográfico, climático e funcional.

1. Un rural diverso que require políticas diferenciadas

Un primeiro reto é recoñecer que non existe un único rural galego. Galicia presenta realidades territoriais moi diferentes: áreas urbanas e periurbanas con presión residencial e forestal, zonas agrarias activas cunha base produtiva aínda dinámica, espazos especializados en produción forestal e territorios de montaña ou interior dominados polo abandono, a baixa densidade e as coberturas seminaturais.

Esta diversidade obriga a abandonar respostas uniformes. As políticas agrarias, forestais, ambientais, enerxéticas ou de servizos non poden aplicarse do mesmo xeito en territorios con

¹ Resumo extraído do documento de partida da Mesa “Visión estratéxica do territorio rural” que se pode consultar na web: <https://foroterritoriorural.gal/vision-estrategica-do-territorio-rural/>



condicións demográficas, produtivas, sociais e ambientais tan distintas. A folia de ruta debe partir dunha lectura territorial diferenciada, capaz de adaptar prioridades, instrumentos e escalas de intervención ás funcións reais que pode cumprir cada ámbito.

2. Declive demográfico, avellentamento e dispersión territorial

O despoboamento, o avellentamento e a dispersión son os factores estruturais que condicionan a viabilidade social e económica do rural. As zonas pouco poboadas ocupan a maior parte da superficie galega (81,8 %), pero acollen unha proporción reducida da poboación (26%). A isto súmase unha baixa densidade (26 hab/km²), un saldo natural moi negativo (12,2 por mil), unha fecundidade reducida, a saída de poboación nova —especialmente feminina— e a dificultade para garantir relevo xeracional (só o 3,90 % dos titulares das explotacións teñen menos de 35 anos, e os maiores de 65 representan o 34,3 %).

A dispersión do hábitat, con milleiros de entidades de poboación, incrementa os custos de prestación de servizos, dificulta a mobilidade, condiciona o acceso á educación, á sanidade ou aos coidados e amplía a interface urbano-forestal. Polo tanto, o reto demográfico non é só unha cuestión de número de habitantes: afecta directamente á capacidade de xestionar o territorio, previr riscos, manter actividade económica e garantir condicións dignas de vida.

3. Desagrarización, abandono e perda de funcionalidade do solo

O rural galego deixou de estar organizado arredor dunha sociedade maioritariamente agraria. A redución do emprego agrario (caída do 95% entre 1950 e 2025), a terciarización da economía rural (que xa ocupa o 63,3 % do emprego, fronte ao 11% do emprego agrario), e a desvinculación progresiva entre propiedade, residencia e xestión da terra provocaron unha perda de funcionalidade do solo. Amplas superficies deixaron de ter un uso activo, sen que esa retirada da actividade agraria fose acompañada dunha reconversión planificada cara a outros usos compatibles coa resiliencia territorial. A pesar da atomización, o VAB do sector agroalimentario creceu un 45% entre 2021 e 2023.

O abandono non debe entenderse só como un problema produtivo, senón como unha expresión dun desaxuste máis profundo entre a expectativa normativa de uso do territorio e a capacidade real de xestión. Cando o solo deixa de cumprir unha función clara —agraria, forestal, ambiental, preventiva ou social— incrementáanse os custos públicos, os conflitos de uso e a vulnerabilidade fronte a riscos como os incendios forestais.



4. Fragmentación da propiedade e dificultade para mobilizar terras

A estrutura da propiedade constitúe unha das maiores limitacións para calquera estratexia de futuro. Galicia conta cunha forte atomización parcelaria, cun elevado número de propietarios e parcelas de pequena dimensión (1.740.000 titulares de fincas rústicas). Esta realidade dificulta a planificación coordinada, a mobilización de terras abandonadas, a xestión profesionalizada, a posta en marcha de proxectos de escala suficiente e a prevención estrutural dos incendios.

A esta fragmentación engádese a presenza crecente de propietarios ausentes ou desvinculados da xestión das súas terras. A consecuencia é unha inercia de abandono difícil de revertir mediante instrumentos convencionais. Por iso, a folla de ruta debe incorporar mecanismos efectivos de agrupación, cooperación, mobilización e xestión conxunta da terra, tanto no ámbito privado como a través de fórmulas colectivas.

5. Incendios forestais como síntoma dunha vulnerabilidade estrutural

Os incendios forestais aparecen non como un problema illado, senón como a manifestación máis visible dunha perda de funcionalidade territorial. O abandono agrario, a expansión de matogueira, a continuidade da biomasa, determinadas configuracións forestais, a proximidade de masas vexetais ás vivendas e o cambio climático incrementan a probabilidade de incendios de alta intensidade e dificultan a súa extinción (3.200 incendios/ano e 18.902 ha queimadas ao ano).

O reto, polo tanto, non é só mellorar a resposta fronte ao lume, senón reorganizar o territorio para reducir a súa vulnerabilidade estrutural. A recuperación de superficies agrarias estratéxicas, a creación de mosaicos, a xestión activa da biomasa, a diversificación forestal e a ordenación da interface urbano-forestal deben formar parte dunha estratexia preventiva integrada.

6. Mobilidade, servizos e habitabilidade

A resiliencia territorial depende tamén de que o rural siga sendo habitable. A baixa densidade e a dispersión dificultan a prestación de servizos públicos, incrementan a dependencia do vehículo privado e reforzan a función das vilas de cabeceira como nodos de acceso á educación, á sanidade, ao comercio, aos coidados e ao emprego.

Outro reto crecente é o acceso á vivenda no medio rural, especialmente para persoas novas, familias que queren instalarse ou retornar, traballadores vinculados ao sector agrario e agroalimentario, e poboación migrante que sostén parte da actividade produtiva. A existencia de vivendas baleiras non garante unha oferta real dispoñible, xa que moitas delas presentan problemas



de titularidade, mal estado de conservación, falta de adecuación ás necesidades actuais ou ausencia dun mercado de alugueiro estruturado. Esta dificultade limita a capacidade de atraer e fixar poboación, condiciona o relevo xeracional, dificulta a integración social de novos residentes e reduce a viabilidade de proxectos económicos no territorio. Polo tanto, a vivenda debe entenderse como unha condición básica de habitabilidade e como unha peza clave para calquera estratexia de revitalización e resiliencia rural.

A mellora da conectividade dixital é importante, pero non resolve por si soa as limitacións estruturais de mobilidade nin substitúe a necesidade dunha presenza territorial mínima. Sen servizos, accesibilidade e condicións básicas de vida, redúcese a capacidade de fixar ou atraer poboación, debilítase o tecido social e diminúe a capacidade colectiva de xestión do territorio.

7. Debilidade do capital social e da gobernanza territorial

A xestión activa do territorio non depende só de normas ou incentivos económicos. Require comunidades, entidades e estruturas capaces de cooperar, tomar decisións, soste proxectos no tempo e resolver conflitos. O capital relacional tradicional —ligado á veciñanza, á actividade agraria e ás formas comunitarias de xestión— viuse debilitado pola perda de poboación, o avellentamento, a falta de relevo xeracional e a desvinculación entre propiedade e residencia.

Ao mesmo tempo, existen activos moi relevantes, como os montes veciñais en man común, que representan unha oportunidade singular para a planificación conxunta, a prevención de incendios, a diversificación produtiva, a xestión forestal sostible e a corresponsabilidade comunitaria. A alianza de futuro debe apoiarse nestes actores e reforzar as súas capacidades técnicas, organizativas e financeiras.

8. Conflitos de uso e necesidade dunha ordenación funcional do solo

As funcións do territorio rural son múltiples e simultáneas -produtivas, ambientais, paisaxísticas e sociais- e os diferentes usos do solo deben analizarse desde unha perspectiva territorial integrada. Non todo o territorio pode cumprir as mesmas funcións nin soportar os mesmos usos. A expansión forestal, a recuperación agraria, a conservación ambiental, as infraestruturas, as enerxías renovables, a protección da paisaxe e a prevención de incendios xeran tensións que deben ser ordenadas con criterios claros.

O reto é avanzar cara a unha ordenación funcional do solo que defina que funcións deben priorizarse en cada ámbito: produción agraria, produción forestal, conservación, restauración ecosistémica, prevención de riscos, soporte de infraestruturas, enerxía renovable ou servizos. Esta ordenación



debe basearse na aptitude biofísica, na estrutura da propiedade, na capacidade real de xestión, na vulnerabilidade fronte ao lume e nas necesidades sociais de cada territorio.

9. Falta de coordinación entre instrumentos e necesidade dunha visión compartida

Galicia conta con instrumentos normativos e programáticos relevantes: Lei de recuperación da terra agraria, PAC, Plan Forestal, normativa de ordenación do solo, planificación climática e políticas de desenvolvemento rural. Porén, a súa eficacia redúcese cando se aplican de maneira sectorial, sen unha diferenciación territorial explícita e sen unha visión común sobre que funcións debe cumprir o rural.

A *Alianza para un Territorio Rural Resiliente* xustifícase precisamente pola necesidade de pasar dun conxunto de instrumentos dispersos a unha estratexia compartida, capaz de aliar administracións, entidades locais, propietarios, comunidades de montes, sector agrario e forestal, tecido social, centros de coñecemento e sociedade civil arredor dun obxectivo común: construír un rural máis funcional, habitable, produtivo, seguro e resiliente.

3. Metodoloxía de traballo do Foro

A definición das liñas estratéxicas e medidas do Foro Territorio Rural Resiliente, que se recollen neste documento, apoíouse nunha metodoloxía de traballo concibida para ordenar a reflexión colectiva, garantir a trazabilidade das achegas e facilitar o paso desde o diagnóstico inicial ata a formulación de propostas concretas.

Esta metodoloxía serviu como marco xeral compartido para o conxunto das mesas, aínda que cada entidade coordinadora a adaptou posteriormente ás súas capacidades, ao perfil das persoas participantes, aos contidos específicos da súa mesa e ao grao de madurez dos debates. Deste xeito, combinouse unha estrutura común —baseada na diagnose, participación, análise, priorización e concreción operativa— coa flexibilidade necesaria para responder á diversidade temática do Foro.

O proceso permitiu transformar as achegas individuais e colectivas recollidas nas sesións de traballo nunha proposta organizada de liñas estratéxicas e medidas, orientada a construír unha Proposta de bases compartida para unha *Alianza polo Territorio Rural Resiliente*.

1. Preparación do proceso e definición do marco de traballo

O proceso iniciouse coa definición do enfoque xeral do Foro Territorio Rural Resiliente como un espazo de reflexión colectiva orientado a recoller propostas para avanzar cara a un territorio rural



máis activo, resiliente fronte aos incendios e preparado para afrontar os retos económicos, demográficos, climáticos e ambientais desde a mellora da ordenación e da xestión territorial

En cada mesa concretouse este marco xeral en función da súa temática específica, definindo os obxectivos de traballo, os contidos de partida e o tipo de resultados esperados.

2. Elaboración do documento de partida e cuestionario previo

Antes das primeiras sesións de traballo elaboráronse documentos de partida e, naqueles casos nos que resultou oportuno, remitíronse cuestionarios previos ás persoas participantes. Esta fase permitiu recoller percepcións iniciais, establecer un diagnóstico compartido e identificar os principais retos vinculados a cada ámbito temático.

O obxectivo era chegar ás sesións cunha base común de reflexión, facilitando que o debate non partise de cero e que as persoas participantes puidesen contrastar, matizar e completar unha primeira lectura da situación.

3. Contraste e afinado do punto de partida

Durante as primeiras sesións traballouse sobre as ideas iniciais recollidas nos documentos de partida e nos cuestionarios previos. Esta fase permitiu revisar, matizar e reforzar os conceptos centrais de cada mesa, identificando aqueles elementos e retos clave que orientasen o desenvolvemento de accións.

O contraste coas persoas participantes permitiu enriquecer o enfoque inicial, incorporar novas dimensións e axustar a linguaxe e as prioridades á realidade de cada ámbito de traballo.

4. Primeira dinámica participativa

As mesas incorporaron dinámicas participativas orientadas a recoller achegas cualitativas e contrastar prioridades. Nalgúns casos empregáronse metodoloxías tipo world café, con grupos reducidos, rotación entre mesas e traballo sobre retos concretos.

Estas dinámicas permitiron ordenar a discusión, favorecer a participación de perfís diversos e vincular os retos identificados con posibles primeiros pasos, actores responsables ou condicións necesarias para o seu abordaxe.

Esta primeira rolda das mesas tivo lugar nas seguintes datas:

Mesa “Visión estratéxica do territorio rural” | 11/03 | Sede Fundación Juana de Vega, Oleiros (A Coruña).



Mesa “Ordenación de usos e instrumentos de planificación no rural” | 12/03 | Sede Laborate – Campus Terra | Lugo.

Mesa “Mobilización e xestión activa do espazo agroforestal” | 17/03 | Sede Laborate – Campus Terra, Lugo.

Mesa “Gobernanza e cooperación público-privada para a ordenación territorial” | 17/03 | Sede Fundación RIA, Santiago de Compostela.

Mesa “Persoas, poboación e actividades no rural” | 18/03 | Fundación Roberto Rivas, Silleda (Pontevedra).

Mesa “Comunicación e concienciación social” | 25/03 | Telemática.

5. Recompilación, agrupación e clasificación de información

Trala primeira sesión de traballo de cada mesa realizouse unha recollida das achegas e un procesado detallado da información. As ideas agrupáronse tematicamente, identificando contidos similares, complementarios ou recorrentes.

Posteriormente analizouse o peso das achegas dentro de cada mesa, diferenciando entre ideas recorrentes, propostas con maior centralidade no debate e achegas emerxentes. Esta fase permitiu ordenar o material deliberativo e construír unha primeira priorización interna.

A partir das prioridades internas de cada mesa, realizouse unha lectura transversal para identificar elementos comúns, relacións entre retos e propostas que aparecían de forma reiterada en diferentes partes do proceso.

Esta fase permitiu pasar dunha lectura fragmentada das achegas a unha interpretación máis integrada, identificando patróns compartidos e cuestións estruturais que podían servir de base para formular liñas estratéxicas.

6. Síntese de liñas estratéxicas e formulación inicial de medidas operativas

Os patróns identificados sintetizáronse en liñas estratéxicas de actuación. Cada liña formulouse como resposta a un ou varios retos ou patróns transversais, mantendo a conexión coas achegas recollidas nas mesas.

As liñas estratéxicas non se concibiron como propostas pechadas, senón como marcos de intervención capaces de orientar a acción e ordenar posteriormente a definición de medidas.



A partir das liñas estratéxicas definiuse unha primeira proposta de medidas operativas. Para cada liña identificáronse posibles actuacións, primeiros pasos de activación e actores que poderían asumir un papel relevante no seu impulso.

Esta fase permitiu avanzar desde unha formulación estratéxica cara a unha lectura máis práctica, conectando cada liña con posibles vías de implementación.

7. Segunda dinámica participativa

De cara á segunda rolda de xuntanzas nas mesas e naqueles casos nos que o volume de medidas recollidas era elevado, incorporouse unha fase de priorización previa a través dun cuestionario online. Esta priorización realizouse valorando criterios como a importancia, a viabilidade, o impacto potencial ou a capacidade de activación a curto e medio prazo.

O obxectivo foi seleccionar aquelas medidas con maior potencial para seren traballadas en profundidade, evitando unha dispersión excesiva e facilitando unha discusión máis orientada a resultados.

As medidas priorizadas traballáronse na segunda sesión participativa, orientada a concretar o seu contido. Nesta fase recolléronse propostas máis específicas, posibles liderados, primeiros pasos, condicións de viabilidade e exemplos ou experiencias de referencia.

Esta segunda dinámica permitiu enriquecer as medidas iniciais e avanzar cara a unha formulación máis operativa, útil para a súa integración na folla de ruta do Foro.

Mesa “Visión estratéxica do territorio rural” | 22/04 | Sede Fundación Juana de Vega, Oleiros (A Coruña).

Mesa “Ordenación de usos e instrumentos de planificación no rural” | 30/04 | Sede Laborate – Campus Terra | Lugo.

Mesa “Mobilización e xestión activa do espazo agroforestal” | 28/04 | Sede Laborate – Campus Terra, Lugo |

Mesa “Gobernanza e cooperación público-privada para a ordenación territorial” | 15/04 | Sede Fundación RIA, Santiago de Compostela |

Mesa “Persoas, poboación e actividades no rural” | 17/04 | Fundación Roberto Rivas, Silleda (Pontevedra),

Mesa “Comunicación e concienciación social” | 29/04 | Telemática.



8. Análise complementaria e revisión crítica

Para evitar a perda de información relevante, o proceso incorporou unha revisión complementaria dos materiais xerados: documentos de partida, actas, cuestionarios, gravacións ou notas de traballo, segundo os recursos dispoñibles en cada mesa.

Esta revisión permitiu recuperar ideas non priorizadas inicialmente, argumentos relevantes, problemas identificados e factores habilitantes sinalados polas persoas participantes. Nalgúns casos empregáronse ferramentas de apoio á análise de información, sempre con revisión crítica e reescritura por parte dos equipos coordinadores.

9. Síntese final: proposta de bases para unha Alianza

O resultado final do proceso foi unha síntese estruturada de liñas estratéxicas, medidas, accións concretas, posibles liderados e primeiros pasos. Esta síntese permitiu transformar o debate das mesas nunha proposta ordenada e orientada á acción.

A partir deste traballo, as conclusións de cada mesa integráronse nunha folla de ruta común, concibida como unha proposta de base para impulsar unha alianza de futuro arredor da xestión activa, a resiliencia e o desenvolvemento do territorio rural galego.

10. Algúns datos de participación

Mesa 1. *Visión estratéxica do territorio rural.*

Número de persoas participantes: 21 participantes na sesión 1 (14 homes e 7 mulleres) e 14 participantes na sesión 2 (10 homes e 4 mulleres). **Total participantes: 26 (18 homes e 8 mulleres).**

Número de entidades representadas: 22.

Perfil profesional das persoas/entidades participantes: Administración pública (6), ONG (2), Fundación (5), GDR (2), Investigación (4), Educación (1), Estudante (1), Sector agroalimentario (2), Sector forestal (3), Sindicato (1)

Mesa 2. *Ordenación de usos e planificación rural*

Número de persoas participantes: 16 participantes na sesión 1 (13 homes e 3 mulleres) e 8 participantes (6 homes e 2 mulleres) na sesión 2. **Total participantes: 19 (15 homes, 4 mulleres).**



Número de entidades representadas: 13.

Perfil profesional das persoas/entidades participantes: Administración pública (2), Fundación (2), Investigación (3), Sector forestal (2), Consultoría (4).

Mesa 3. *Mobilización e xestión activa do espazo agroforestal*

Número de persoas participantes: 17 participantes na sesión 1 (14 homes e 5 mulleres) e 12 participantes na sesión 2 (7 homes e 5 mulleres). **Total participantes: 19 (13 homes, 6 mulleres).**

Número de entidades representadas: 19.

Perfil profesional das persoas/entidades participantes: Administración pública (4), Sindicato (1), Fundación (2), GDR (1), Comunidade local (5), Sector agroalimentario (2), Sector forestal (2), Investigación (1), Consultoría (1).

Mesa 4. *Persoas, actividades e poboación*

Número de persoas participantes: 17 participantes na sesión 1 (7 homes e 10 mulleres) e 15 participantes na sesión 2 (5 homes e 10 mulleres). **Total participantes: 19 (8 homes e 11 mulleres)**

Número de entidades representadas: 14.

Perfil profesional das persoas/entidades participantes: Administración pública (2), Fundación (5), GDR (1), Educación (1), Sector agroalimentario (4), Sector forestal (1), Sector turístico (1), Outras asociación (1), Banco / financiación (1).

Mesa 5. *Gobernanza e cooperación público-privada*

Número de persoas participantes: 19 participantes na sesión 1 (9 homes e 10 mulleres) e 13 participantes na sesión 2 (7 homes e 6 mulleres). **Total participantes: 20 persoas (11 mulleres e 9 homes)**

Número de entidades representadas: 18.

Perfil profesional das persoas/entidades participantes: Administración pública (2), Fundación (2), ONG (5), GALP (1), Comunidade local (2), Investigación (2), Estudante (1), Educación (1), Consultoría (2).



Mesa 6. Comunicación e concienciación social

Número de persoas participantes: 14 participantes na sesión 1 (9 homes e 5 mulleres) e 9 participantes na sesión 2 (6 homes e 3 mulleres). **Total participantes: 14 persoas (9 homes e 5 mulleres)**

Número de entidades representadas: 9.

Perfil profesional das persoas/entidades participantes: Medios de comunicación (5), Consultoría (4).

Nº persoas participantes		
Mulleres	Homes	Total
44	72	116
Nº entidades representadas por estas persoas		
95		

Perfil profesional das persoas/entidades participantes	
Administración Pública	16
ONG	7
Fundación	16
GDR	4
GAL	1
Comunidade local	7
Investigación	16
Educación	3
Estudante	2
Sector agroalimentario	9
Sector forestal	9
Sector turístico	1
Sindicato	2
Consultoría	15
Medios de comunicación	5
Outras asociacións	1
Banco/ financiación	2
TOTAL	116



4. A visión: como imaxinamos o rural do futuro?

Durante as xuntanzas da mesa “Visión estratéxica do territorio rural” formulouse a seguinte visión compartida e consolidada do rural do futuro:

Imaxinamos un rural galego vivo, habitado e dinámico, baseado nun modelo de desenvolvemento sostible e multifuncional, no que as persoas poidan vivir, traballar e emprender con dignidade, con igualdade de oportunidades, dereitos garantidos e acceso a servizos, educación e formación de calidade. Un territorio que recupera e mantén poboación, favorece remuda xeracional e a atracción de novas persoas, e que impulsa un sistema produtivo diversificado, innovador e apoiado no coñecemento científico, capaz de xerar valor económico engadido mediante a transformación e industrialización dos recursos locais, reforzando a soberanía alimentaria.

Un rural que xestiona activamente o seu territorio, integrando produción e conservación e acadando un equilibrio entre sectores e usos, ao tempo que conserva e valoriza a biodiversidade, a paisaxe e o capital natural. Un espazo articulado arredor do papel das comunidades locais, no que a cooperación entre administracións, sector produtivo e sociedade impulsa solucións compartidas, fortalece a gobernanza e constrúe un territorio resiliente, cohesionado e en equilibrio co urbano.

5. Da visión á acción: liñas estratéxicas e medidas para activar o rural galego

LIÑA ESTRATÉXICA 1. ORDENACIÓN DOS USOS AGROFORESTAIS E PLANIFICACIÓN INTEGRADA DO TERRITORIO RURAL

Medida 1.1. Definir os obxectivos da planificación agroforestal: modelo agroalimentario e dispoñibilidade de SAU

- Garantir a soberanía alimentaria e priorizar a produción agroalimentaria na planificación agroforestal.
- Protexer as terras de maior capacidade agronómica e garantir o incremento da SAU a través do Catálogo de solos agropecuarios e forestais, que debe delimitar os terreos agropecuarios e os solos de alta produtividade agropecuaria.
- Definir un modelo produtivo centrado na capacidade de alimentar á poboación como función principal do territorio rural mediante sistemas produtivos sostibles e de proximidade.
- Garantir a multifuncionalidade do territorio rural e as súas funcións estratéxicas ambientais, sociais e produtivas para a sociedade.



Medida 1.2. Aplicar instrumentos que permitan a planificación conxunta dos usos agrícolas, gandeiros e forestais

- Aprobar o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia: elaboración por agregación de unidades territoriais funcionais e fixación de prazos. Este catálogo identificará os usos agroforestais, avaliará a aptitude produtiva da terra, definirá un mapa de ordenación de usos agroforestais e establecerá as normas e criterios para a regulación dos usos, prevalecendo sobre o planeamento urbanístico en solo rústico.
- Crear novas figuras de ordenación territorial de iniciativa privada e aplicar os polígonos agroforestais de iniciativa privada con esta finalidade.

Medida 1.3. Adaptar a ordenación agroforestal a tipoloxías e ámbitos territoriais específicos

- Estructurar o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia en unidades territoriais funcionais de escala supramunicipal e baseadas en criterios como as comarcas agrarias, as unidades de paisaxe ou as biorrexións.
- Desenvolver catálogos parciais para concretar con maior precisión o catálogo galego ou atender ás singularidades produtivas, ambientais ou sociais de ámbitos territoriais específicos.

Medida 1.4. Considerar o risco de incendio como criterio estrutural na planificación agroforestal

- Incorporar mosaicos agroforestais, discontinuidades das masas forestais e franxas de protección de vivendas e infraestruturas na planificación agroforestal, en especial no Catálogo de solos agropecuarios e forestais e nos instrumentos de planificación e ordenación forestal.
- Planificar e implementar os polígonos cortalume como instrumentos de reestruturación territorial, priorizando as zonas con maior recorrencia de incendios e tendo en conta os ventos dominantes, a topografía e os patróns de propagación do lume.

Medida 1.5. Impulsar a ordenación dos Montes Veciñais en Man Común e planificar os usos e especies nos terreos forestais

- Impulsar a ordenación dos usos, actividades e especies dos Montes Veciñais en Man Común, garantindo a súa multifuncionalidade e re-introducindo na medida do posible os usos agrogandeiros con enfoque agroecolóxico.
- Aplicar as directrices do Plan Forestal de Galicia e do Ditame do Parlamento Galego de 2018 na ordenación dos terreos forestais e na regulación do eucalipto.

Medida 1.6. Incorporar os servizos ecosistémicos na planificación agroforestal



- Incorporar a avaliación de servizos ecosistémicos e a infraestrutura verde nos instrumentos de planificación agroforestal.
- Adaptar a planificación agroforestal á provisión e conservación dos servizos ecosistémicos e á infraestrutura verde.

Medida 1.7. Garantir a execución, axilizar a xestión e facilitar a adaptación da planificación agroforestal

- Reforzar a capacidade administrativa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para que poida asumir as funcións que lle atribúe a Lei 11/2021.
- Desenvolver o Plan de avaliación, seguimento e actualización do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia con criterios claros, que definan os períodos e tipos de revisión, os indicadores e demais aspectos necesarios.

Medida 1.8. Establecer unha clasificación das zonas e dos asentamentos rurais

- Establecer unha definición e delimitación espacial das tipoloxías de zonas rurais baseada nas súas características propias, e non só na súa relación co espazo urbano.
- Definir unha clasificación funcional dos asentamentos rurais que sirva para planificar servizos, equipamentos, vivenda, mobilidade e infraestruturas.

Medida 1.9. Planificar con enfoque supramunicipal e integrado os asentamentos rurais e o solo rústico

- Aplicar instrumentos como Plans Territoriais Integrados ou Plans Territoriais Especiais que permitan coordinar a planificación urbanística, agroforestal, ambiental, hidrolóxica, enerxética e de infraestruturas, entre outras, así como axilizar a súa aplicación.
- Establecer a aldea como a unidade básica de organización do territorio rural e configurar redes de aldeas complementarias.
- Coordinar a planificación agroforestal co planeamento urbanístico para garantir a protección das mellores terras agrícolas e desenvolver proxectos alimentarios na contorna das cidades.
- Orientar a planificación territorial e urbanística á redución da interface urbano-forestal, promovendo modelos de crecemento máis compactos.

Medida 1.10. Mellorar a dispoñibilidade de información territorial actualizada e de sistemas de xestión territorial baseados en datos dinámicos

- Coordinar as fontes de información sobre o solo rústico nun Sistema único de Información Territorial: mapa de usos agroforestais, inventario forestal continuo, SIOSE, SIXPAC, catastro, datos de aproveitamentos forestais, etc.



- Desenvolver en toda a súa potencialidade o Sistema de Información de Terra de Galicia (<https://info-sitegal.xunta.gal/es>) regulado na Lei 11/2021 e ampliar as súas funcionalidades para integrar as fontes de información sobre o solo rústico.
- Poñer a disposición pública toda a información sobre o territorio rural obtida ou posuída pola Administración pública (por exemplo, zonas afectadas por incendios, localización das explotacións agrarias, etc.)
- Desenvolver inventarios detallados dos elementos territoriais, especialmente daqueles que non están recollidos nas infraestruturas de datos espaciais actuais.

LIÑA ESTRATÉXICA 2. **MOBILIZACIÓN, RECUPERACIÓN E XESTIÓN ACTIVA DA TERRA AGRARIA**

Medida 2.1. Establecer protocolos de intercambio de información sobre propiedade, uso e valor da terra entre administracións e rexistros

- Poñer en común a información sobre propiedade, valor e uso da terra, actualmente dispersa entre administracións, Catastro, Rexistro da propiedade, Facenda e organismos agrarios, co obxectivo de mellorar o coñecemento real da propiedade e dos usos da terra.
- Impulsar a inter-operabilidade das bases de datos e as sinerxías entre protocolos de captura de información. A este respecto, desenvolver o convenio de colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro e a Consellería do Medio Rural a través de protocolos de coordinación e programas de traballo.
- Mellorar o coñecemento das dinámicas de mobilidade de terras en Galicia mediante o reforzo do Observatorio Galego de Mobilidade de Terras coa dotación de recursos e a ampliacións das dúas funcións e cometidos.
- Normalizar documentos, formatos e procedementos que permitan abaratar e axilizar herdanzas e outros actos xurídicos sobre a propiedade rústica, simplificando e reducindo os custos da regularización catastral e rexistral de predios rústicos, particularmente nos de menor tamaño. Os protocolos non deben limitarse ao nivel institucional xeral, senón concretar tamén o tipo de documentos, formatos e procedementos que facilitan actualizar e homoxeneizar a información sobre predios e titulares.
- Impulsar convenios, fluxos de datos, visores compartidos e bases de datos interoperables, coa participación de administracións, notarías, rexistros da propiedade, Catastro, Facenda, FOGGA/FEGA e entidades locais.

Medida 2.2. Mellorar o acceso público á información sobre propiedade e mobilidade da terra

- Promover unha mellor actualización do Catastro de rústica, adecuando os procedementos técnicos e os recursos dedicados á realidade estrutural e de abandono do territorio.
- Crear ferramentas dixitais que integren información sobre parcelas mobilizables, incorporando aptitude agrogandeira e forestal, usos actuais, titularidade e posibilidades reais de acceso e xestión.



- Impulsar un visor web público que integre esa información coa colaboración do Banco de Terras, o Instituto de Estudos do Territorio, Catastro, rexistradores da Propiedade e outros axentes con información sobre a propiedade ou con capacidades tecnolóxicas relevantes.
- Habilitar mecanismos e ferramentas de integración da información administrativa con aquela obtida a nivel local por parte dos axentes en contacto directo co territorio, como GDRs, cooperativas, entidades de asesoramento ou mesmo persoas propietarias e potenciais usuarias, tanto como fontes como destinatarios da información.

Medida 2.3. Crear unha unidade técnica de esclarecemento da titularidade e mediación a nivel comarcal

- Crear unidades a nivel comarcal con capacidade técnica, xurídica e sociolóxica para investigar a titularidade, mediar en conflitos e desbloquear terras en situación de abandono ou de propiedade incerta, colaborando na aplicación das medidas 2.1 e 2.2 anteriores.
- Combinar o traballo a escala comarcal e local, conectando a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, os servizos provinciais de estruturas agrarias, o Catastro, o Rexistro da propiedade, as oficinas rurais, os servizos técnicos municipais e outras entidades locais, como os GDR, empregando cando sexa posible a figura de entidades colaboradoras prevista na Lei 11/2021.
- Traballar de forma proactiva cos propietarios, persoas herdeiras, comunidades de montes e persoas interesadas en mobilizar terra, priorizando os territorios con maior abandono ou fragmentación da propiedade.

Medida 2.4. Impulsar de xeito intensivo e áxil os procedementos de investigación da titularidade e de declaración de abandono en zonas de mobilización prioritaria

- Axilizar todo o posible os procedementos para a incorporación de parcelas de titularidade descoñecida ao Banco de Terras de Galicia ou a outros instrumentos de recuperación da terra agraria.
- Implicar aos servizos técnicos e xurídicos das delegacións territoriais da Xunta de Galicia no procedemento de investigación da titularidade e reforzalos cos recursos humanos necesarios. Explorar marcos de colaboración con concellos, Deputacións Provinciais e outras posibles entidades colaboradoras.
- Aplicar o procedemento de declaración de abandono a petición da Administración local para a mobilización produtiva de terras, evitando que agricultores locais asuman en solitario conflitos cos titulares que poidan aparecer.

Medida 2.5. Desenvolver de xeito efectivo os instrumentos de recuperación da terra agraria

- Asegurar que os instrumentos de recuperación da terra agraria se implanten con recursos suficientes, continuidade temporal e enfoque estratéxico.



- Coordinar mellor estes instrumentos entre si e cos actores relevantes a nivel territorial, como concellos, GDR, oficinas rurais e outras entidades comarcais que dinamizan oferta e demanda de terra.
- Avaliar a execución e o rendemento dos instrumentos para corrixir fallos, mellorar procedementos e reforzar o papel da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural AGADER e das oficinas rurais. A este respecto, desenvolver e facer públicos os informes de seguimento previstos na Lei 11/2021.
- Desenvolver indicadores para avaliar os instrumentos de mobilización ou recuperación de terras máis axeitados para cada zona en función das súas características territoriais e socioeconómicas, así como das preferencias e obxectivos das persoas propietarias.
- Poñer en marcha un programa de asesoramento técnico e xurídico para a posta en marcha de polígonos agroforestais de iniciativa privada.
- Desenvolver procedementos e liñas de axudas para as agrupacións agropecuarias de xestión conxunta, similares ás existentes para as agrupacións forestais de xestión conxunta.
- Intensificar a implantación de instrumentos de mobilización e recuperación de terras nas zonas que funcionen como discontinuidades da masa forestal e nos arredores dos núcleos de poboación, cos obxectivos simultáneos de dinamización económica e prevención de incendios.
- Priorizar as iniciativas de mobilización e recuperación da terra agraria nos terreos clasificados como de alta produtividade agropecuaria no Catálogo de solos agropecuarios e forestais.
- Regular os incentivos fiscais axeitados nos impostos de carácter estatal para favorecer a mobilidade dos terreos rústicos, especialmente o seu arrendamento e a súa incorporación a instrumentos de mobilización e recuperación de terras.
- Penalizar fiscalmente o abandono ou a infrautilización da terra agraria.

Medida 2.6. Habilitar unha figura simplificada de autorización temporal de uso e mantemento de parcelas abandonadas para lindeiros activos

- Axilizar o uso e mantemento temporal de parcelas abandonadas por colindantes activos, sen a necesidade de recorrer á declaración de abandono nin de supoñer a perda dos dereitos da persoa propietaria.
- Explorar a posibilidade de utilizar o concepto de 'xestión de negocios alleos' prevista no Código Civil e de simplificar os mecanismos previstos actualmente na Lei 11/2021.
- Definir un protocolo flexible, con mediación administrativa activable directamente por parte da persoa agricultora colindante, con información pública, prazos claros, garantías para as partes, posible seguro de responsabilidade civil e control da degradación.

Medida 2.7. Establecer plans comarcais de mobilización e xestión activa de terras agrarias e forestais



- Traducir as liñas estratéxicas en plans adaptados a cada comarca, que inclúan o diagnóstico das dinámicas de cambio de uso do solo e da xestión de terras, así como os actores relevantes, as prioridades, os instrumentos aplicables e o calendario de execución.
- Combinar o enfoque comarcal coa capacidade de concretar á escala parroquial cando sexa necesario.
- Promover proxectos piloto en territorios concretos, con apoio intensivo, instrumentos claros e capacidade de aprendizaxe .
- Vincular os plans con polígonos agroforestais, agrupacións de xestión conxunta, permutas, Banco de Terras e outros instrumentos da Lei de recuperación.

Medida 2.8. Impulsar un programa específico de silvopastoralismo en terreos forestais

- Promover o silvopastoralismo como fórmula para compatibilizar usos forestais e gandeiros, xerar discontinuidades no combustible vexetal e reducir a intensidade dos incendios.
- Reforzar o Plan de pastos de Galicia para acadar os obxectivos establecidos en 2018 no Ditame do Parlamento Galego, como impulso e ampliación do programa pre-existente de implantación de pastos fóra de cuberta en MVMC.
- Ordenar a implantación a escala superior á parcela, mediante acordos entre propietarios e gandeiros, modelos de compensación, asesoramento legal e identificación dunha base gandeira interesada.
- Impulsar o programa desde a Administración autonómica e os concellos, coa participación de persoas propietarias forestais ou gandeiras, MVMC, novos entrantes, persoal técnico forestal ou veterinario, universidades e axentes sociais.
- Aproveitar a existencia dunha Asociación de MVMC con gandería extensiva (MOVEGANDEX) como referencia e elemento articulador.

Medida 2.9. Poñer en marcha un programa de asistencia integral técnica, xurídica, económica e social para os MVMC, en particular para a mediación comunitaria

- Crear un dispositivo estable de acompañamento aos MVMC que integre apoio técnico, xurídico, económico e social, con especial atención á gobernanza interna e aos veciños ausentes.
- Actuar de forma gradual e territorializada, comezando por comunidades con maior necesidade ou disposición, con plans plurianuais, mediación comunitaria, deslindes e ordenación.
- Promover unha actualización normativa específica dos MVMC atendendo ás novas realidades e retos territoriais
- Reforzar a capacidade dos MVMC para promover proxectos de mobilidade de terras, xestión conxunta, polígonos agroforestais e agrupacións de propietarios.
- Financiar proxectos que superen a visión exclusivamente madeireira do monte e combinen gandería extensiva, apicultura, micoloxía, turismo sostible e outros usos compatibles.



Apostar por iniciativas a escala suficiente, preferentemente mancomunadas, capaces de crear mosaicos produtivos e ambientais que reduzan incendios e xeren renda local.

- Dotar de recursos aos concellos e mancomunidades de montes para que poidan proporcionar apoio aos MVMC con maiores necesidades de dinamización e xestión.
- Crear redes de aprendizaxe e cooperación entre MVMC, especialmente entre comunidades colindantes, con problemas semellantes ou pertencentes ao mesmo territorio. Aproveitar o Observatorio dos Montes Comunais e Baldíos como difusor de boas prácticas e ferramenta de capitalización de aprendizaxes.

Medida 2.10. Establecer esquemas de pago por servizos ecosistémicos e poñelos en valor

- Promover e habilitar sistemas de pago por servizos ecosistémicos financiados polas administracións públicas, tanto a través de medidas asociadas á PAC, como mediante esquemas de pago por resultados de conservación dirixidos a persoas agricultoras, gandeiras ou propietarias e xestoras de terreos forestais. Estes sistemas deberán estar vinculados a mecanismos de valoración, seguimento, verificación e pagamento.
- Promover e implementar sistemas de pagos financiados polos usuarios dos servizos ecosistémicos, así como fórmulas híbridas público-privadas mediante sistemas de intercambio de créditos, acordos voluntarios ou mecanismos de compensación económica.
- Impulsar medidas de apoio e posta en valor dos servizos ecosistémicos a través da certificación e diferenciación de produtos e servizos, así como do desenvolvemento de modelos de negocio baseados na multifuncionalidade do territorio.

LIÑA ESTRATÉXICA 3. GOBERNANZA TERRITORIAL E PARTICIPACIÓN PÚBLICA CON INCIDENCIA REAL

Medida 3.1. Crear estruturas de gobernanza territorial operativas

- Crear unha estrutura de gobernanza territorial orientada á mobilización e á xestión activa das terras, coa participación da Administración autonómica, concellos, GDR, Polos de emprendemento, MVMC e organizacións sociais sectoriais.
- Dotar esta estrutura de capacidade real de execución e definir responsabilidades claras para cada actor.
- Aliñar recursos, axudas, instrumentos de mobilización e planificación territorial.
- Resolver bloqueos entre administracións, propietarios, sectores produtivos e comunidades locais.
- Facer seguimento dos plans territoriais, proxectos piloto e instrumentos de mobilización.
- Traballar con fórmulas flexibles adaptadas a cada territorio.

Medida 3.2. Reforzar o apoio técnico, a facilitación e a dinamización territorial



- Impulsar unha rede de apoio técnico con formación e acompañamento dirixidos ás iniciativas locais. Acompañar a preparación, execución e xustificación de proxectos.
- Reforzar a capacidade de xestión, organización e gobernanza interna das estruturas locais e comunitarias. Apoiar a profesionalización da súa actividade sen substituír o liderado local, así como facilitar o seu acceso a financiamento, convocatorias públicas e recursos técnicos.
- Recoñecer e estabilizar a función de facilitación e dinamización territorial como peza clave da gobernanza.
- Dotar de recursos aos axentes que xa operan no territorio conectando administracións, entidades, comunidades e proxectos.
- Incorporar perfís técnicos, sociais e de mediación capaces de activar procesos, acompañar iniciativas e facilitar a cooperación.
- Entender a administración como facilitadora e acompañante e promover unha lóxica de servizo, cooperación e co-creación.

Medida 3.3. Impulsar agrupacións, redes e plataformas territoriais

- Creación dunha rede de colaboración entre iniciativas territoriais que permita compartir aprendizaxes, evitar o illamento dos proxectos e fortalecer a capacidade colectiva de innovación. A acción incluírá a organización de encontros e mecanismos de intercambio entre proxectos, comunidades locais, redes e entidades con experiencia práctica na implantación de solucións territoriais, favorecendo a transferencia directa de coñecemento útil.
- Promover agrupacións de entidades territoriais para compartir recursos e coñecemento.
- Crear redes entre MVMC, cooperativas, asociacións, entidades locais e proxectos produtivos.
- Favorecer a cooperación entre comunidades colindantes ou con problemas similares.
- Organizar viaxes de coñecemento e intercambio entre experiencias.
- Sistematizar casos de éxito sen caer na simple copia de modelos alleos.
- Adaptar cada experiencia ás características do territorio.
- Reforzar a capacidade de representación e interlocución das entidades territoriais.

Medida 3.4. Impulsar proxectos pioneiros innovadores de gobernanza e xestión territorial con capacidade de aprendizaxe e réplica

- Identificar iniciativas existentes con potencial de consolidación, aprendizaxe e réplica noutros territorios.
- Seleccionar proxectos piloto viables, adaptados á realidade local e con implicación dos axentes do territorio ensaiando fórmulas de coordinación supramunicipal.
- Crear convocatorias de apoio o buscar financiación para apoiar o seu desenvolvemento a través da Rede de apoio da medida anterior.
- Apoiar modelos multifuncionais que combinen actividade produtiva, conservación ambiental, prevención de incendios e cohesión social.



- Integrar estes proxectos en redes territoriais, evitando que funcionen como experiencias illadas.
- Avaliar os resultados e aprendizaxes para a súa posible adaptación a outros territorios.
- Vincular proxectos pioneiros con plans comarcais de mobilización e xestión activa.
- Incorporar universidades e observatorios para acompañar, documentar e avaliar os procesos.
- Organizar repositorios, materiais e canles de acceso a coñecemento técnico útil para o deseño, execución, seguimento e avaliación dos proxectos piloto.
- Trasladar os resultados dos puntos anteriores a instrumentos estruturais e políticas estables.

Medida 3.5. Garantir a gobernanza territorial e asegurar a participación pública con incidencia real na planificación agroforestal.

- Desenvolver o proceso participativo para a elaboración do Catálogo de solos agropecuarios e forestais, estendéndoo a todo o período de elaboración e aprobación e dotando de acompañamento técnico ás comunidades implicadas.
- Desenvolver e aplicar procesos participativos desde o inicio e ao longo de todos os procesos de planificación agroforestal, e non só na fase de exposición pública e alegacións.
- Integrar o coñecemento local e o coñecemento experto na toma de decisións.
- Asegurar a incorporación dos resultados dos procesos participativos nas tomas de decisión e nas propostas de ordenación.
- Mellorar a eficacia do Consello de Xestión da Terra Agroforestal, incrementar a súa periodicidade e atribuírlle máis funcións.
- Utilizar e reforzar as estruturas sociais existentes como cooperativas rurais, comunidades de montes, comunidades de regantes, grupos de desenvolvemento rural ou entidades locais.
- Aplicar e reforzar a figura das entidades colaboradoras prevista na Lei 11/2021 dotándoa de capacidade técnica e financeira.

LIÑA ESTRATÉXICA 4. MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL ESTABLE, COORDINADO, TRANSPARENTE

Medida 4.1. Crear mecanismos para asegurar a coordinación e coherencia das diferentes normativas reguladoras dos usos agroforestais

- Crear un órgano ou comité coordinador que incorpore representantes das administracións, persoas expertas e axentes implicados, co obxecto de avaliar o impacto das novas disposicións normativas sobre o conxunto do marco regulador, supervisar a coherencia dos informes sectoriais e propoñer procedementos de axilización e simplificación.
- Impulsar desde a EGAP un seminario permanente de redacción e mellora normativa.
- Reactivar a comisión de simplificación normativa proposta polo Ditame do Parlamento de 2018 e ampliála ao conxunto das actividades agroforestais co fin de racionalizar



procedementos, evitar duplicidades ou detectar contradicións, entre outros; así como reforzar a coordinación interadministrativa mediante unha mesa permanente de coordinación entre consellerías e axentes implicados.

Medida 4.2. Garantir a estabilidade e seguridade xurídica da normativa reguladora dos usos agroforestais

- Delimitar o alcance da lei de medidas fiscais e administrativas para que non afecte a cambios substanciais da normativa reguladora dos usos agroforestais, como o réxime de uso do solo, aínda que poida incorporar os axustes operativos e técnicos necesarios.
- Dotar de estabilidade o marco legal para permitir a aplicación efectiva dos instrumentos
- Impulsar un pacto de país ou acordo estrutural sobre o territorio rural que garanta a continuidade das políticas a longo prazo.

Medida 4.3. Mellorar a transparencia e a axilización na aplicación da normativa

- Mellorar a participación social na elaboración e desenvolvemento da normativa, informando e facilitando a participación nas fases previas á aprobación definitiva mediante mesas, xornadas ou outros mecanismos, e establecendo canles de diálogo para clarificar e facilitar a súa aplicación.
- Crear un sistema integrado de información normativa que permita a catalogación e actualización continua da normativa sobre usos agroforestais, incluíndo a publicación obrigatoria de textos consolidados e criterios técnicos de aplicación das normas: circulares, instrucións internas, criterios interpretativos ou doutrina administrativa consolidada.
- Dixitalizar e desenvolver ferramentas de xestión para a aplicación da diferente normativa sectorial.
- Aplicar a declaración responsable cando a relación risco-axilidade o permita e, no caso de autorización previa, establecer prazos máximos vinculantes e un réxime de silencio administrativo claro.
- Reforzar a capacidade administrativa mediante a dotación de medios humanos e técnicos.
- Promover programas estables de formación sobre a aplicación da normativa para persoal técnico público e privado.

Medida 4.4. Avaliar o cumprimento das normas

- Priorizar o control do cumprimento da normativa reguladora dos usos agroforestais nas zonas nas que se realizaron investimentos públicos (reestruturación parcelaria, polígonos agroforestais, regadío, etc.) ou delimitadas como de alta produtividade agropecuaria.
- Ampliar a Comisión de Avaliación e Seguimento e o informe de avaliación que debe remitirse ao Parlamento, segundo o contemplado na Lei 11/2021, ao conxunto do marco normativo de ordenación agroforestal, así como recuperar a periodicidade anual deste informe e desenvolver indicadores de impacto medibles e públicos.



Medida 4.5. Adaptar a normativa e as axudas á realidade dos pequenos proxectos rurais, incorporando criterios de calidade do emprego, fixación de poboación e sustentabilidade territorial

- Adaptar os requisitos administrativos á realidade das pequenas producións, dos proxectos de base territorial, das iniciativas agroecolóxicas e das actividades extensivas.
- Definir baremos da valoración máis flexibles, estables e participados, incluíndo indicadores de impacto territorial e, se é o caso, sistemas de recoñecemento ou selos de calidade territorial.
- Evitar que os proxectos pequenos teñan que competir en igualdade formal con proxectos de grande escala cando parten de condicións moi distintas.
- Simplificar a tramitación de axudas, reducindo cargas administrativas e facilitando o acceso ás iniciativas de menor dimensión.
- Incorporar criterios de impacto territorial, calidade do emprego, fixación de poboación e sustentabilidade ambiental e social na normativa e nas ordes de axudas.
- Revisar os baremos de valoración para que non penalicen a pequena escala nin a entrada progresiva no sector.
- Coordinar a normativa sanitaria, fiscal, urbanística e produtiva para facilitar a transformación, a comercialización e a venda directa dos produtos agroalimentarios.

LIÑA ESTRATÉXICA 5. REMUDA E EMPRENDEMENTO AGRARIO: RECURSOS CLAVE, VIABILIDADE PRODUTIVA E CALIDADE DE VIDA.

Medida 5.1. Crear itinerarios integrais de incorporación agraria apoiados en ecosistemas territoriais de acompañamento

- Concibir a incorporación á actividade agraria como un itinerario completo que combine acceso á terra, vivenda, instalacións, formación, financiamento, asesoramento legal e fiscal e acompañamento continuado.
- Dinamizar os ecosistemas territoriais de apoio á incorporación da actividade agraria e a remuda, impulsando a coordinación e colaboración en rede de oficinas rurais, GDRs, Polos de emprendemento, Banco de Explotacións, entidades locais e outros actores relevantes existentes (cooperativas, ONGs, sistema de innovación e coñecemento, etc.).
- Crear portelos únicos comarcais con persoal asesor especializado concibidos como estruturas de acompañamento integral e continuado, incorporando perfís técnicos, legais e sociais, con habilidades de mediación.
- Fortalecer o Sistema de Coñecemento e Innovación Agraria de Galicia, cun foco nos novos produtores, a diversificación e a xestión sostible das terras agrarias. En particular, revitalizar as estruturas públicas de I+D+i, transferencia e formación agraria presentes en Galicia e impulsar a colaboración en rede, incluída a cooperación público-privada.



- Poñer en marcha programas de mentorización para novos entrantes, fomentando a transmisión interxeracional do coñecemento e as redes de intercambio de experiencias. Este programa incluíría o establecemento dunha rede de mentores agroforestais e un directorio de recursos de asistencia técnica a proxectos agrogandeiros. Isto podería estruturarse a través dunha colaboración entre os Polos de emprendemento e apoio ao emprego, as oficinas rurais e os GDRs.
- Garantir a coordinación do proceso de incorporación coas posibilidades que ofrecen os distintos instrumentos de mobilización e recuperación da terra agraria.
- Aplicar a figura dos espazos agrarios de experimentación prevista na Lei 11/2021 e outros espazos de incubación de proxectos agrarios mediante colaboracións entre a Administración autonómica, as administracións locais e entidades privadas. Estes espazos deben permitir a novos emprendedores testar a viabilidade técnica e económica dos seus proxectos produtivos e minimizar o risco asumido ao dispoñer de terra e infraestruturas produtivas.
- Permitir incorporacións graduais ao sector, recoñecendo e integrando no deseño das axudas financeiras e doutros apoios a realidade das explotacións pequenas, das actividades a tempo parcial, da posible complementariedade de ingresos familiares extra-agrarios e dos calendarios de crecemento e implantación máis longos.
- Adaptar as axudas e os requisitos ao ritmo real dos proxectos, evitando que o sistema favoreza unicamente grandes investimentos ou incorporacións en explotacións xa existentes.

Medida 5.2. Facilitar a remuda agraria mediante a transmisión acompañada de explotacións e infraestruturas produtivas

- Deseñar itinerarios de acompañamento e axudas adaptados as peculiaridades da remuda agraria, tanto para novos entrantes sen base familiar como para procesos de sucesións en explotacións existentes, conectando persoas próximas á xubilación, explotacións dispoñibles e persoas interesadas en incorporarse ao sector.
- Converter o Banco de Explotacións nun instrumento operativo de continuidade produtiva, capaz de identificar explotacións e infraestruturas dispoñibles e conectar oferta e demanda.
- Incorporar máis persoal cualificado ao Banco de Explotacións formando equipas multidisciplinares que poidan desenvolver mediación a nivel local, así como asesoramento técnico, xurídico, sociolóxico e económico para acompañar transmisións, cesións e usos viables.
- Apoiar o proceso de remuda a través das accións do portelo único, dinamización e colaboración en rede do ecosistema de apoio á incorporación, e a rede de mentores da medida 5.1.

Medida 5.3. Desenvolver programas de vivenda vinculada á incorporación rural, con especial atención á remuda agraria



- Elaborar unha radiografía da vivenda dispoñible e identificar patrimonio abandonado ou infrautilizado.
- Poñer en marcha programas de rehabilitación de vivenda baleira, incentivos ao alugueiro e instrumentos de intermediación. Impulsar o apoio público e modelos innovadores de acceso á vivenda adaptados ao contexto rural.
- Establecer incentivos para persoas propietarias que rehabiliten e aluguen vivendas a persoas vinculadas á actividade rural, por exemplo a través dun marco de deducións fiscais ou avais públicos para a rehabilitación.
- Crear bolsas ou bancos de vivenda rural vinculados a proxectos agrarios. Vincular a mobilización de vivenda coa mobilización de terra e a remuda agraria.

Medida 5.4. Adecuar os apoios públicos ás iniciativas agrogandeiras con impacto territorial positivo, incluíndo as dimensións social e ambiental, con liñas específicas para actuacións a pequena escala e con enfoque agroecolóxico

- Crear liñas de apoio diferenciadas para proxectos pequenos, novos entrantes, iniciativas agroecolóxicas e modelos extensivos que parten de condicións distintas ás grandes explotacións.
- Orientar as axudas cara a proxectos agrogandeiros con criterios rigorosos de impacto territorial integral e calidade produtiva, tendo en conta a base territorial e os efectos positivos sobre a poboación, a xestión da biomasa, os alimentos, o solo, a auga e a sustentabilidade ambiental.

Medida 5.5. Reforzar cadeas de valor locais e enfoques colectivos de transformación e comercialización agraria

- Apoiar centros compartidos de transformación, almacenamento e comercialización de produtos agroalimentarios, que permitan a pequenos produtores transformar, almacenar e comercializar sen asumir investimentos individuais inviables.
- Impulsar obradoiros multiproducto, instalacións adaptadas á normativa sanitaria e estruturas cooperativas ou territoriais que reteñan valor engadido no rural.
- Promover estruturas colectivas de venda e posicionamento comercial para pequenos produtores, especialmente en circuitos curtos e mercados de proximidade, dinamizando o comercio local e as prazas de abastos.
- Estructurar a oferta e conectala coa demanda estable dos comedores colectivos de grandes empresas, dos centros educativos, das residencias e centros de día, dos hospitais, etc., e impulsar a compra pública alimentaria sostible (local e/ou ecolóxica) nos comedores de xestión pública.
- Fomentar a compra pública de produtos madeireiros a partir do co-deseño de solucións innovadoras que dean resposta ás necesidades da Administración (equipamentos para a rede de Centros de Saúde, deseño de mobiliario ou elementos de carpintería para rehabilitación de aldeas modelo, rede de albergues de Galicia, etc.)



- Apoiar cooperativas, asociacións de produtores, GDR e concellos como promotores ou xestores destas estruturas.
- Abrir un debate social amplo, despolitizado e orientado a decisións estratéxicas, sobre o modelo económico e industrial desexado para Galicia, especialmente en relación coa transformación de proximidade, os sectores agrarios e a capacidade de xerar valor no territorio.
- Desenvolver unha política industrial que permita a captación de investimentos privados co obxectivo de reforzar a transformación e xeración de valor engadido no territorio cara aos principais sectores agrarios.
- Racionalizar os selos de calidade e impulsar novos selos forestais. Revisar o ecosistema de marcas e selos de calidade no ámbito agroalimentario.
- Desenvolver canles de comercialización B2B, B2C e e-commerce adaptadas ás necesidades dos pequenos produtores.

Medida 5.6. Mellorar a fiscalidade e o financiamento para incentivar a implantación e consolidación de empresas no rural

- Reforzar os instrumentos financeiros que permitan habilitar avais públicos co obxectivo de facilitar o investimento en proxectos no medio rural, especialmente agrícolas, gandeiros e forestais, favorecendo a remuda, a modernización, a innovación e a sustentabilidade do tecido produtivo rural.
- Impulsar unha reforma fiscal orientada a incentivar o investimento e o asentamento de actividades económicas nos espazos rurais, tanto por parte de sociedades como de persoas físicas, ao tempo que se mellora a fiscalidade aplicable aos sectores agrícola, gandeiro e forestal.
- Establecer bonificacións e reducións no Imposto sobre Sociedades durante un período determinado, de entre cinco e dez anos, para proxectos empresariais sostibles que xeren emprego estable e contribúan á dinamización económica e demográfica do rural.
- Facilitar liñas de microcréditos con condicións máis flexibles e adaptadas ás necesidades do emprendemento rural, destinadas a persoas emprendedoras e pequenas empresas con dificultades de acceso ao financiamento convencional por falta de garantías suficientes. Estes instrumentos poderán financiar iniciativas de pequena escala vinculadas á agroalimentación, ao turismo rural, á artesanía ou a outras actividades estratéxicas para o desenvolvemento local.

Medida 5.7. Impulsar programas de emprendemento e remuda xeracional para a diversificación económica do territorio rural

- Implantar programas de detección activa de negocios rurais sen relevo co obxectivo de transferilos a novos emprendedores e reforzar o programa Remuda da Xunta de Galicia.



- Establecer servizos de acompañamento técnico continuado en xestión, fiscalidade, normativa e planificación empresarial, entre outros, tanto para o inicio de actividades económicas como para a súa consolidación.
- Crear redes de apoio e cooperación entre actores e proxectos para compartir coñecementos e problemas, xerar sinerxías e favorecer a transmisión interxeracional.
- Crear programas de acollida, formación e acompañamento á integración de novos perfís poboacionais.

Medida 5.8. Desenvolver un plan e medidas de igualdade, conciliación e apoio aos coidados no ámbito rural

- Recoñecer a igualdade, a conciliación e os coidados como condicións estruturais para a resiliencia rural e para que as mulleres poidan desenvolver proxectos de vida con autonomía.
- Fortalecer servizos de proximidade como as casas do maior, as casas niño, os centros de día e outras solucións, entendéndoos tamén como infraestruturas produtivas e xeradoras de emprego local.
- Visibilizar referentes femininos e reforzar o seu papel na toma de decisións.
- Crear un itinerario piloto de apoio a mulleres no rural, que combine espazos de encontro, acompañamento entre iguais, visibilización de referentes e identificación das barreiras existentes no territorio.

LIÑA ESTRATÉXICA 6. SENSIBILIZACIÓN E RECOÑECIMENTO SOCIAL DO RURAL

Medida 6.1. Promover a formación, a concienciación e a pedagogía sobre a necesidade de planificación e xestión do territorio rural

- Facer pedagogía sobre a función social da propiedade e sobre a necesidade de ordenación do territorio rural; concienciar sobre a limitación do uso da terra cando concorre un interese público (risco de incendio, soberanía alimentaria, protección ambiental, etc.) e sobre os deberes asociados á propiedade.
- Estender ao solo rústico a lóxica de responsabilidade social da propiedade xa asumida no solo urbano.
- Incorporar contidos sobre territorio, propiedade, paisaxe, incendios e xestión da terra no sistema educativo.
- Dirixir accións específicas a persoas absentistas, herdeiras e titulares de parcelas sen xestión, explicando as alternativas existentes para a súa mobilización a través de cesión, alugueiro ou incorporación ao Banco de Terras.



Medida 6.2. Difundir boas prácticas e casos replicables de mobilización e xestión activa do espazo agroforestal

- Identificar experiencias exitosas de mobilización, xestión activa, emprendemento, MVMC, silvopastoralismo ou transformación local, explicando problemas, solucións, actores implicados, resultados e aprendizaxes transferibles
- Crear catálogos de boas prácticas.
- Difundir casos de éxito a través de vídeos, charlas, publicacións, encontros presenciais e redes sociais. Combinar canles dixitais (plataformas de amplo uso) e presenciais para a divulgación, con relatos directos de persoas promotoras, gandeiras ou xestoras, charlas locais, materiais divulgativos e medios xeneralistas.
- Priorizar testemuños directos de persoas promotoras, gandeiras, agricultoras ou comunidades.
- Organizar actos en concellos, comarcas, centros educativos e espazos técnicos.
- Usar boas prácticas como ferramentas de activación social e institucional.
- Adaptar cada experiencia ao contexto territorial, evitando réplicas directas.

Medida 6.3. Mellorar o relato e a presenza do rural nos medios de comunicación

- Reforzar a presenza estable de información sobre o rural nos medios de comunicación, con especial atención aos medios públicos pola súa función social.
- Promover unha representación máis ampla e realista do rural, incorporando cidadanía, empresas, colectivos, biodiversidade, innovación, cultura, actividade económica e vida comunitaria.
- Evitar enfoques reduccionistas centrados só en problemas, sucesos, incendios ou folclore.
- Fomentar que xornalistas e medios “pisen o territorio” e conten a realidade rural desde a proximidade.
- Reclamar condicións profesionais dignas para facer posible unha cobertura territorial rigorosa, con tempo, desprazamentos e coñecemento do contexto.
- Promover criterios ou recomendacións de boas prácticas para informar sobre o rural sen estereotipos.

Medida 6.4. Incorporar o rural á formación universitaria e profesional da comunicación

- Promover o coñecemento do medio rural entre o estudiantado de Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Humanidades e Publicidade.
- Incorporar contidos que axuden a evitar estereotipos.
- Crear microcredenciais ou formacións especializadas para “contar o rural”.
- Dirixir estas formacións tamén a xornalistas en activo e persoas vinculadas á comunicación.
- Conectar universidades galegas, Colexio de Xornalistas e entidades rurais.
- Fomentar prácticas, traballos de campo e proxectos narrativos en territorios rurais.



Medida 6.5. Crear unha rede de xornalistas e comunicadores para mellorar a comunicación sobre o rural

- Facilitar o traballo de xornalistas, comunicadoras e creadoras que queiran informar sobre o rural con maior calidade e acceso a fontes diversas.
- Facilitar espazos de encontro, intercambio e colaboración entre profesionais que traballan temas rurais.
- Crear un directorio de persoas expertas, fontes e voces relevantes do rural.
- Incorporar no directorio representantes de colectivos rurais, persoas produtoras, científicas, técnicas, creadoras culturais, entidades sociais, sindicatos, empresas, administracións e comunidades locais.
- Utilizar esta rede como ponte entre o medio rural, os medios de comunicación e as administracións.
- Facilitar que profesionais con menor especialización poidan localizar fontes solventes, diversas e territorialmente distribuídas.
- Promover materiais de apoio, recomendacións e recursos útiles para a cobertura informativa do rural.

Medida 6.6. Activar novos relatos culturais, audiovisuais e sociais sobre o rural a través de espazos de creación e encontro

- Crear residencias, bolsas ou programas de apoio para persoas creadoras de ficción, documental ou entretemento audiovisual vinculadas ao rural.
- Incentivar produtos culturais e audiovisuais que mostren a diversidade do rural máis alá dos enfoques e xéneros habituais.
- Promover relatos innovadores, positivos e contemporáneos, sen idealizacións nin estereotipos.
- Impulsar encontros ou formacións entre influencers, creadoras de contido e persoas especializadas en temática rural.
- Facilitar que as redes sociais incorporen voces e contidos sobre o rural desde o coñecemento e a proximidade.
- Organizar ciclos itinerantes de eventos en comarcas rurais que conecten poboación local, empresas, administracións, xornalistas, creadoras e entidades sociais.
- Crear espazos de coñecemento mutuo que reduzan desconfianzas, estereotipos e distancia entre rural e urbano.
- Impulsar un evento cultural e festivo de referencia no rural que funcione como laboratorio creativo e escaparate dunha ruralidade positiva, innovadora e moderna. Tomar como inspiración experiencias como Festival Eidos, Agroqueer ou Festival da Luz.
- Utilizar estes espazos como ferramentas de sensibilización, recoñecemento social e creación de novas relacións entre rural, cultura, comunicación e sociedade.

Medida 6.7. Reforzar a valorización social do rural e reconexión urbano- rural



- Desenvolver programas de conexión urbano-rural que acheguen á poboación urbana á realidade produtiva, ambiental e social do rural.
- Impulsar experiencias prácticas no territorio: visitas a explotacións, proxectos produtivos, iniciativas de xestión territorial, hortas, montes, espazos agrarios e experiencias de consumo local.
- Crear espazos de encontro entre produtores, consumidores, centros educativos, entidades sociais e poboación urbana para favorecer unha comprensión máis directa do papel do rural.
- Promover campañas e accións de sensibilización que visibilicen o valor económico, ambiental, cultural e social dos usos agrarios, gandeiros e forestais.
- Reforzar a transmisión interxeracional de coñecementos e prácticas vinculadas á xestión do territorio, adaptándoas aos retos actuais.
- Incorporar a educación territorial e ambiental como ferramenta para reducir o descoñecemento do rural entre as novas xeracións.
- Apoiar iniciativas culturais, educativas e participativas que presenten o rural como un espazo vivo, produtivo, diverso e necesario para o conxunto da sociedade.
- Promover novas narrativas que superen tanto a visión negativa do rural como espazo atrasado como a visión idealizada ou nostálgica, reforzando unha imaxe contemporánea, activa e conectada co futuro.

6. Síntese final e próximos pasos

O principal reto do Foro é transformar unha diagnose amplamente coñecida nun marco de acción compartido. O rural galego non precisa só medidas illadas, senón unha folla de ruta que permita ordenar funcións, mobilizar terras, reforzar a gobernanza, adaptar as políticas ás diferentes realidades territoriais, reducir a vulnerabilidade fronte aos incendios e ao cambio climático, e garantir condicións de vida e actividade económica no territorio.

Os resultados deste documento constituirán unha proposta de base dunha *Alianza para un Territorio Rural Resiliente* entendida como unha **rede aberta e inclusiva de persoas, entidades, profesionais, administracións, organizacións territoriais, centros de coñecemento e iniciativas privadas que comparten a necesidade de avanzar cara a unha ordenación e xestión máis activa, sostible e corresponsable do territorio rural galego.**



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA